

Universidade do Minho

Guía de recursos dixitais da web da UMinho

Talleres de uso das TICS para a Orientación Universitaria

Proxecto cofinanciado por:



Guía rápida de recursos dixitais

Índice	Pax 2
Introdución	Pax 3
¿Como é a UMinho?	Pax 4
¿Qué podo estudar?	Pax 5
¿Qué recursos dixitais podo utilizar?	Pax 6
¿Como vai iso da investigación?	Pax 7
¿E con que axudas conto?	Pax 8
¿Despois terei un traballo?	Pax 9
Máis cousas sobre a universidade	Pax 10

Introducción:

Vivimos inmersos na sociedade da información, e as TIC's convertéronse na nosa principal ferramenta de aprendizaxe, acceso ao entretemento e busca de información.

As Universidades non permanecen alleas a uso cotiá que a mocidade fai de Internet, e por iso están presentes na rede: con webs institucionais e con portais de información e servizos adaptados as necesidades de consulta e xestión para este sector da sociedade

O obxecto destes manuais é ofrecer unha visión dos servizos das universidades de Galicia e Norte de Portugal (UDC, USC, UVigo, UP, UMinho, e UTAD) e espertar o interese cara os seus contidos coma principal canle para resolver dúbidas, recoller información e aproveitar aqueles servizos que resultan de utilidade para calquera persoa na súa etapa universitaria, pre ou post engadidos.

Asemade, como complemento da información que resulte de interese en cada web, invitamos a consultar o espazo en Internet do CEER, Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais <http://fceer.com>, ou seguir os seus perfís en Facebook e Twitter, onde publican e manteñen información actualizada sobre actividades, ofertas de emprego, e bolsas das seis universidades. Subscríbete ao seu boletín de novas e comparte os seus perfís nas redes sociais para que a información chegue a ti.

[captura]

Coñece as carreiras que podes estudar, os recursos e servizos, o profesorado, as saídas profesionais... de cada universidade, bota un ollo ao seu funcionamento



¿Como é a UMinho?

A Universidade do Minho oferece como primeiro enlace unha “apreçençao”, a súa presentación, a través da cal pódese coñecer a institución, a súa historia e principais características, ademais do papel que pretende xogar na súa rexión como referente do coñecemento.

A partires de aí a UMinho fai un recorrido pala súa estrutura institucional, organismo e centros asociados.

Tamén recolle os regulamentos das distintas áreas que forman a institución e polo resto de “unidades” que conforman a Universidade do Minho.

No corpo central da páxina podemos ler información de actualidade referente a vida universitaria, tanto novas sobre cursos e xornadas coma información ao respecto de convocatorias e prazos de diferentes actividades. Esta actualidade pode darnos unha idea do nivel de actividade e das prioridades da institución.

The image shows a screenshot of the Universidade do Minho website. In the top navigation bar, the links 'Escolas', 'Cursos', and 'Alunos' are highlighted with a red box. In the left sidebar, the link 'Futuros Alunos / Escolas' is also highlighted with a red box. A large red box highlights a detailed 'Cursos' section in the main content area, which lists various academic programs and entry regimes.

¿Qué podó estudar?

¿Onde? ¿Qué saídas ten?

É nestes apartados “escolas” e “cursos” onde a UMinho describe as titulacións que se poden cursar nas súas aulas e os departamentos nos que se insiren.

Entrando por cursos atopamos a información tanto de graos coma de mestrados e posgraos, a información inclúe un pequeno repaso sobre o itinerario que debería seguir unha carreira, notas de corte e posibles saídas

O enlace “futuros alumnos” conduce a unha sección na que se reúne, por unha banda, información sobre graos, posgraos e mestrados, xunto con información sobre modos e requisitos de acceso e posibilidades de cursar estudos no estranxeiro.



¿Qué recursos dixitais poden utilizar?

As ferramentas online da UMinho están deseñadas para a comunidade universitaria, o que impide que quen non ten relación coa institución os utilize para se informar ou para coñecer a Universidade do Minho.

Os recursos que non están dispoñibles para usuarios alleos son a secretaría virtual, unha intranet, o portal de información académica (informa de convocatorias e prazos de matrícula), e a plataforma de formación a distancia.

En último caso podemos suscribir ao “newsletter” ou boletín dixital para recibir no correo os números que se van publicando

English **Universidade do Minho** Apresentação Escolas Cursos Alunos Bibliotecas **I+D** Eventos

Eventos e Informação on-line
Intranet UMinho
Portal Académico
Portal AlumnUM

UMinho recebe Campeonato Mundial Universitário de Futsal em 2012
Bruxelas, Bélgica, sexta-feira, 19-11-2010
A Universidade do Minho vai acolher o XIII Campeonato Mundial Universitário de Futsal masculino e feminino

IBB
INSTITUTE FOR BIOTECHNOLOGY AND BIOENGINEERING

i3N
INSTITUTE FOR NANOSTRUCTURES, NANOMODELLING AND NANOFABRICATION
RESEARCH, INNOVATION AND ENGINEERING APPLICATIONS

ABOUT US RESEARCH EDUCATION INDUSTRIAL OUTREACH NEWS & EVENTS PEOPLE CONTACTS

LATEST NEWS UPCOMING EVENTS

¿Como vai iso da investigación?

Inda que entrando por este apartado obtemos un listado de tódolos departamentos da UMinho que investigan algo, afondando un pouco chegamos a coñecer os dous laboratorios asociados, o **Institute for Biotechnology and Bioengineering** e o **Institute of Nanostructures, Nanomodelling and Nanofabrication**.

Na UMinho resulta interesante visitar tamén, dende o apartado I+D, o GAPI (Gabinete de Apoio a Propiedad Industrial) e o Tech Minho, a sección de transferencia de tecnoloxía, para se facer unha idea da actividade de investigación na Universidade do Minho.

Transferência de Tecnologia
Tech Transfer

Technology Portfolio
Universidade do Minho

Login
Unregistered Users


This Site presents the Technology Portfolio of Universidade do Minho. Here you can find the diferent innovative technologies developed or under development in the university, classified according to the diferente technology areas.

This Portfolio is presented to you by **TecMinho**, interface responsible for the identification, protection and valorization of the Intellectual Property of Universidade do Minho.

News

- Dia Aberto da PI na UM - 04 Maio 2010 - Invenções implementadas por computador
- Patente concedida à Universidade do Minho na implementação de um sistema inovador de Raios-X.

Highlights



¿E con que axudas conto?

Na Web da Universidade do Minho podese consultar a súa oferta de axudas no enlace de “servicios de acción social” que atoparás no menu da esquerda.

Devandito enlace conduce a unha web onde concentra os diferentes modelos de axudas e bolsas que os membros da UMinho poden solicitar, proba os enlaces do menú superior para coñecer a completa liña de axudas a materias tales como a alimentación, o aloxamento, servizos médicos, matrícula, adquisición de libros, axudas ao deporte....

Como podes ver, no espazo central da web de “servizos de atención social” ten o seu espacio a información de actualidade referido as bolsas e a outros temas de interese social, a visita a esta sección serve tamén para informarse de bolsas e outras iniciativas de atención social validas para outras universidades de Portugal

¿Despois terei un traballo?

Do mesmo xeito que o fan outras universidades, a Universidade do Minho mantén activo un portal pensado para os alumnos dos últimos cursos, recién titulados e investigadores.

O Portal AlumniUM, a través deste espazo pretenden dar apoio a inserción laboral dos membros da comunidade universitaria, a procura de emprego e a formación continua..

Esta iniciativa busca, en primeiro lugar, preparar aos titulados para afrontar entrevistas laborais, buscar oportunidades dun xeito eficiente ou preparar currículos adaptados para cada momento e necesidades.

A través do menú superior do portal AlumniUM podemos coñecer, no enlace “emprego” a información da bolsa de emprego da UMinho (ofertas de prácticas e postos de traballo) e a información que pon a nosa disposición o “Observatorio de Emprego”.

The image shows a screenshot of the AlumniUM portal. At the top left is the Universidade do Minho logo and name. Below it are navigation links: English, Apresentação, Escolas, Cursos, Alunos, Bibliotecas, I&D, Extensão, and Comunicação. A main news section features a headline: "UMinho recibe Campeonato Mundial Universitario de Futsal em 2012" with a sub-headline "Bruxelas, Bélgica, sexta-feira, 19-11-2010". To the right is a "destaques" section with "Programa de Visitas 2010". A red box highlights the "Portal AlumniUM" link in the left sidebar. Another red box highlights the "Emprego" menu item in the top navigation bar. A third red box highlights the "ColaboRe - Observatório de Emprego UM" section in the main content area, which includes the text: "Vimos uma vez mais solicitar a colaboração, de todos os diplomados registados neste portal, no preenchimento do questionário de empregabilidade que permitirá conhecer a situação profissional e as estratégias seguidas na procura e obtenção de emprego, bem como as suas condições de inserção sócio-profissional."

Este observatorio, a través de enquisas a antigos alumnos pretende dar unha imaxe fiable da situación profesional e das condicións de inserción laboral para os titulados universitarios para, ademais de asesoralos, adaptar a “formación continua”, seguinte sección do menú principal do portal AlumniUM, na que se listan os diferentes Post-graos e cursos de Formación continua que oferta esta universidade. En información dan a opción de suscribirse a un boletín de información e ofertas de emprego

Máis cousas sobre a universidade

En “extençao” a Uminho presume de institucións que forman parte do seu entorno e coas que se relaciona de xeito continuado. Isto permítelle ter unha oferta de actividades culturais e de equipamentos a disposición dos membros da comunidade universitaria moi diferenciados a calque outro centro universitario da Eurorrexión.

Nesta sección de “Extensión universitaria” podes coñecer a lista completa da que sacamos coma exemplo a web do “museo nogueira da silva”. O portal da Unidade de Arqueoloxía da UMinho ou o “Arquivo Distrital de Braga”.

Inda que moitas das unidades de “extensión universitaria que se enumeran non teñen un espazo web a través do que ofertar servizos, a web da UMinho serve como punto de entrada para coñecelos e facerse unha idea do amplo patrimonio que a UMinho alberga, son moitos os intereses que podemos cubrir co amplo numero de entidades que historicamente se relacionan coa UMinho.

